

RECOMENDACIÓNS PARA O ACCESO AO PATRIMONIO MOBLE DE GALICIA¹

Comisión Técnica Temporal para o Acceso ao Patrimonio Moble²

2012

¹ Este documento foi aprobado polo Pleno do Consello da Cultura Galega na reunión celebrada o día 27 de decembro de 2012.

² A comisión técnica temporal estaba formada por M.^ª del Mar García Miraz, Segundo Pérez López, Bieito Pérez Outeiriño, M.^ª Ánxeles Vidal Fraile e Alfredo Vigo Trasancos, coa coordinación de Concepción Varela Orol.

O patrimonio cultural moble foi definido e categorizado pola Unesco en 1978 na *Recomendación sobre a Protección dos Bens Culturais Mobles* e, posteriormente, o seu ámbito foi ampliado como consecuencia do desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e a comunicación no *Proxecto de Carta para a Preservación do Patrimonio Dixital*, no ano 2003. As directrices elaboradas aquí para garantir o acceso aos bens culturais mobles, a petición do Consello da Cultura Galega, parten dos principios establecidos nos ditos documentos e da situación en que tales bens se encontran, ao entender desta Comisión, en Galicia.

Aínda que non resulta posible separar totalmente as medidas de conservación e fomento do patrimonio moble do acceso a este, o obxecto do presente documento céntrase neste último, xa que só se a cidadanía pode gozar da herdanza recibida, adquiren sentido as accións dirixidas á valoración, preservación, conservación e fomento, ao tempo que, para que se produza unha protección eficaz, é indispensable a colaboración da cidadanía, como sinalan os principios xerais da citada *Recomendación* da Unesco. Tal colaboración non se ve posible se a comunidade non coñece e se reconece nos bens patrimoniais, para o que é preciso contar con estratexias deseñadas non só cos responsables das políticas e a xestión cultural —reservándolles un papel fundamental aos concellos—, senón tamén cos responsables do sistema educativo, da Igrexa católica —como titular dunha parte importantísima do patrimonio cultural galego— e das asociacións de patrimonio e culturais, así como das asociacións dos profesionais na xestión do patrimonio.

Pero, ademais, para levar adiante tales estratexias, é imprescindible unha maior profesionalización no tratamento do patrimonio moble. A Comisión ve con preocupación os problemas derivados da escaseza de profesionais na xestión patrimonial, o que trae como consecuencia que, das titulacións específicas existentes nas universidades galegas (Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, Grao en

Información e Documentación, Grao en Historia da Arte, etc.), algunhas teñan un número reducido de alumnos, que, polo menos en parte, hai que poñer en relación coa reducida oferta laboral das institucións patrimoniais, que se limita á convocatoria de bolsas temporais. A este problema engádese a convivencia en determinados centros, como a maioría das bibliotecas, entre a atención á lectura pública e a atención ao patrimonio bibliográfico, ou entre constituír a base da xestión administrativa e ser fonte de elaboración histórica, como ocorre nos arquivos, unha convivencia difícil de equilibrar con recursos humanos exiguos.

As medidas propostas neste documento teñen tamén en conta o importante papel que o patrimonio moble ten hoxe no desenvolvemento económico e social, un desenvolvemento que, pola súa vez, contribúe a valorar este patrimonio por parte da cidadanía. A Comisión quere alentar, a través de distintas medidas, ás institucións culturais para que fagan reverter na Comunidade os seus investimentos na xestión dos bens patrimoniais e colaboren no desenvolvemento do turismo cultural, harmonizando sempre conservación e acceso.

Ao tratar o problema do acceso aos bens patrimoniais, non é posible obviar os problemas derivados da distinta titularidade destes, tanto no que se refire ás diferentes administracións implicadas como a persoas xurídicas ou físicas de dereito privado, como ben recollen a Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, e a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia. Neste sentido, as directrices incluídas neste documento respectan os dereitos en relación á titularidade patrimonial, tendo en conta as obrigas legais dos titulares e das administracións públicas de garantir o acceso ao patrimonio.

As directrices tamén consideran os bens culturais patrimoniais que, por distintas razóns históricas, están hoxe fóra da nosa Comunidade. Estímase de primeira importancia facilitar o coñecemento e o acceso a estes bens, para o que se propoñen distintas medidas.

Galicia conta, neste momento, con tres institucións públicas de primeira importancia para liderar o desenvolvemento de moitas das directrices propostas. Este documento alenta a Biblioteca, o Arquivo e o Museo de Galicia a que asuman este liderado, non limitando a acción patrimonial ás súas coleccións, senón converténdose en institucións ao servizo de todas as institucións patrimoniais e do conxunto da cidadanía galega.

As medidas indicadas, partindo dos principios sinalados, estrutúranse en catro liñas de acción, sen que isto signifique que algunhas das recomendacións incluídas en cada unha delas non teñan efectos sobre as restantes liñas.

Liña 1. Elaboración dos instrumentos imprescindibles para o coñecemento do patrimonio moble de Galicia por parte da cidadanía

Nesta liña non se trata especificamente dos inventarios e catálogos regulados pola Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que afectan a determinados tipos de bens coa finalidade da súa protección e que deberían estar sendo desenvolto en cumprimento da lexislación. Os instrumentos aquí propostos teñen como finalidade principal que a cidadanía poida coñecer as institucións que posúen pezas patrimoniais, os seus servizos e as condicións en que esta pode acceder aos bens, e tamén os bens que forman o patrimonio moble da Comunidade, así como acceder ás versións dixitais destes cando existan.

Liña 2. Accións para facilitar o acceso ao conxunto da cidadanía

As medidas propostas nesta liña tratan de facilitar un acceso que harmonice as obrigas de preservación e conservación dos bens patrimoniais mobles cos dereitos de acceso da cidadanía, tendo en conta a variedade de titulares daqueles.

Liña 3. Accións de sensibilización

A liña desenvolve distintas medidas que os concellos, as institucións patrimoniais, as asociacións culturais e o sistema educativo deberían levar adiante para que a cidadanía incremente a percepción sobre os valores que os bens culturais mobles representan para a nosa Comunidade. Aténdese especialmente a que as accións propostas abrangan a totalidade da cidadanía, valorando o potencial que para isto ofertan as actuais tecnoloxías da información e a comunicación.

Liña 4. Profesionalización da xestión do patrimonio

Esta liña quere subliñar a importancia que a formación universitaria e a formación continua das persoas que traballan en actividades relacionadas co patrimonio mobile posúen para unha xestión acaída dos bens patrimoniais. Sen esta profesionalización non será posible desenvolver moitas das medidas contempladas neste documento.

Liña 1. *Elaboración dos instrumentos imprescindibles para o coñecemento do patrimonio moble de Galicia por parte da cidadanía*

Para que a cidadanía poida ter acceso ao patrimonio moble de Galicia é preciso contar cos instrumentos básicos para o seu coñecemento e control. Neste senso, a Comisión considera fundamental o acceso universal a estes instrumentos, o que equivale á súa presenza na rede, e a existencia de instrumentos únicos para as diversas institucións e particulares que posúen pezas patrimoniais, calquera que sexa a tipoloxía do patrimonio moble (documental, bibliográfico, artístico, museolóxico, etc.).

Esta liña concrétase na elaboración de dous instrumentos básicos:

1. Censo común e en rede de todas as institucións públicas e privadas de Galicia e de institucións de fóra da Comunidade con coleccións patrimoniais galegas.

Debe servir como instrumento de información para a cidadanía respecto a coleccións, servizos e horarios, ademais doutras informacións que poden non ser públicas con obxecto de garantir a seguridade das coleccións.

Pódese partir, para a súa elaboración, dos datos existentes nos censos-guía estatais.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Biblioteca, Arquivo e Museo de Galicia.

2. Catálogo colectivo do patrimonio moble público e privado que teña como punto de partida ferramentas xa existentes como:

- ✓ O Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia.
- ✓ Os rexistros dos museos galegos integrados nos seus sistemas documentais.
- ✓ Os rexistros existentes dos arquivos de Galicia.

- ✓ Os rexistros de bens mobles existentes na Xunta de Galicia como o Inventario da Igrexa católica.

Dende o punto de vista do acceso, este Catálogo colectivo do patrimonio moble debería garantir polo menos as seguintes características:

- ✓ Identificar claramente a localización das pezas patrimoniais.
- ✓ Indicar de maneira clara e actualizada ao longo do proceso de elaboración do catálogo se as coleccións están completas ou que partes destas están incluídas.
- ✓ Permitir o acceso non só aos rexistros, senón tamén ás pezas xa dixitalizadas.
- ✓ Dar acceso a todas as informacións que contextualizan cada unha das pezas (marcas de lectura, procedencias, anotacións manuscritas, etc.) en cada rexistro do catálogo, así como á recuperación dos nomes de persoas, entidades, etc. asociadas a este contexto. A medida, ademais de servir para identificar a peza ou a colección como ben patrimonial, serve tamén en moitas ocasións para identificar o exemplar en caso de roubo.
- ✓ Identificar claramente a procedencia do rexistro catalográfico (elaboración da institución posuidora, descarga doutra institución, etc.) e da dixitalización.
- ✓ Permitir a navegación nos índices co obxecto de facilitar a recuperación cando se producen variantes de nomes, palabras clave, etc.
- ✓ Facilitar a recuperación dos bens por cada unha das institucións participantes.

O acceso a este catálogo debería ser o *Portal de Patrimonio* da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con enlaces

dende as páxinas principais das sedes webs de todas as institucións con coleccións patrimoniais de Galicia.

As solucións para a construción e recuperación deste catálogo deberían ser estudadas por un grupo de expertos con obxecto de valorar as distintas metodoloxías posibles, buscando as solucións tecnolóxicas máis axeitadas entre as actualmente dispoñibles: catálogo colectivo virtual ou físico, recolección/*harvesting*, buscas federadas, web 2.0, web semántica, SIX, etc.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Biblioteca, Arquivo e Museo de Galicia, institucións patrimoniais de Galicia.

Liña 2. *Accións para facilitar o acceso ao conxunto da cidadanía*

Aínda que a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, recoñece en diversos artigos (26, 73, 82) o dereito da cidadanía ao acceso e consulta do patrimonio, este dereito non está asegurado se non se desenvolven políticas e estratexias que faciliten o seu exercicio. A Comisión valora que para poder levarse adiante tal acceso en condicións de facilidade deberían tomarse as seguintes medidas:

3. As institucións públicas e privadas galegas deben facilitarlle á cidadanía o acceso ao patrimonio moble. Para isto recoméndase que cada institución con coleccións patrimoniais teña un calendario público de visitas en datas fixadas e/ou mediante solicitude, así como a organización de xornadas de portas abertas, que garanta o acceso periódico e gratuíto ás instalacións en que se custodian os bens e as pezas escollidas destes ou as súas copias.

Responsables do desenvolvemento desta medida: institucións públicas e privadas de Galicia con patrimonio moble.

4. As institucións posuidoras de coleccións patrimoniais deben facilitar o acceso a visitas, xornadas de portas abertas e consulta das pezas patrimoniais a todas as persoas con discapacidades.

Responsables desta medida: institucións públicas e privadas de Galicia con patrimonio moble.

5. Programar itinerarios para visitas a patrimonio moble.

Responsables do desenvolvemento desta medida: concellos.

6. Para facilitar o acceso ás pezas en mans de persoas particulares debería publicitarse información sobre as desgravacións fiscais existentes cando tales pezas son cedidas ás administracións públicas.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Xunta de Galicia.

7. Co mesmo obxecto, deberían establecerse desgravacións fiscais e outras medidas de fomento para alentar a entrega en depósito de bens mobles a institucións públicas.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Xunta de Galicia.

8. Deberían establecerse políticas para o asesoramento sobre instalacións de seguridade e outras medidas de protección, axudas para conservación, dixitalización, etc. do patrimonio moble en mans de persoas particulares co compromiso de que o acceso a estes estea garantido.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

9. O acceso ás pezas do patrimonio moble será obrigado nos horarios e condicións publicamente establecidas para facilitar o traballo dos investigadores e

estudiosos do patrimonio, agás cando as pezas, por razóns de conservación, aconsellen restrinxilo. Nestes casos, deberanse proporcionar copias de calidade que permitan unha consulta útil (facímiles, copias dixitais...). Recoméndase que se facilite a través da rede a solicitude de copias dixitais co nivel preciso de calidade.

Responsables do desenvolvemento desta medida: todas as administracións públicas, responsables de bibliotecas, arquivos e museos.

10. A consulta de bens mobles en mans de persoas particulares debe ser facilitada coa posibilidade de depósito temporal en institucións públicas das pezas, previa solicitude á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

11. O acceso ao patrimonio ten un aliado fundamental no estudo e investigación deste. Neste sentido, considérase preciso que se promova esta investigación, tanto no que atinxe ao valor patrimonial dos discursos como ao valor patrimonial das pezas.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Xunta de Galicia, universidades de Galicia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

12. Para un mellor coñecemento e acceso ao patrimonio moble de particulares, considérase necesario a existencia dun rexistro onde os investigadores poidan dar novas de patrimonio moble descoñecido que encontrasen no desenvolvemento dos seus traballos. Dado que se presupón que esta información será especialmente abundante no campo documental e artístico, recoméndase que tal rexistro forme parte dalgún portal institucional, como por

exemplo Arquivos de Galicia, tendo os correspondentes enlaces noutros portais ou sedes webs de bibliotecas, arquivos e museos da Comunidade.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, responsables de bibliotecas, arquivos e museos.

13. O acceso ao patrimonio ten unha ferramenta fundamental na dixitalización do patrimonio moble, permitíndolle á cidadanía as mellores condicións para o seu traballo, coñecemento e gozo, sempre que estean accesibles libremente na rede. Diversas accións de dixitalización foron postas en marcha nas institucións galegas, pero precísase contar, ademais de pautas técnicas para proceder aos traballos, con criterios na selección dos bens que deben ser dixitalizados. Neste sentido, a Comisión considera que son criterios fundamentais:

- ✓ A propiedade das pezas, considerando prioritaria a dixitalización do patrimonio dos particulares.
- ✓ Dada a variedade de institucións posuidoras de patrimonio moble, o criterio de comezar polas institucións máis pequenas ou con menores recursos para o tratamento, dixitalización e difusión das pezas.
- ✓ Os bens patrimoniais galegos que se atopan fóra de Galicia (centros galegos, bibliotecas, arquivos, museos, academias...).

Responsables do desenvolvemento desta medida: Consello da Cultura Galega, Biblioteca, Arquivo e Museo de Galicia.

14. En relación á anterior medida, debería levarse adiante un proxecto interuniversitario de cara á realización dun inventario do patrimonio galego en institucións de fóra de Galicia, así como o estudo da prioridade de dixitalización

e/ou da posibilidade de devolución contempladas no artigo 1.4 da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, universidades.

15. Os recursos de orixe dixital, recoñecidos como herdanza dixital pola Unesco no *Proxecto de Carta para a Preservación do Patrimonio dixital*, teñen que ser obxecto de atención urxente xa que se atopan en Galicia en perigo de perda. Hai que elaborar criterios para determinar os elementos que deben conservarse, elaborar políticas e estratexias para a súa conservación e medidas de protección a través da lexislación, tal e como recomenda a Unesco. O acceso aos repositorios para a súa conservación debe ser estudado tendo en conta a lexislación de propiedade intelectual, protección de datos persoais, etc.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, creadores e editores de recursos dixitais.

16. En relación ao patrimonio moble depositado en diferentes localizacións como igrexas, concellos, etc., a Comisión valora a necesidade de que se identifiquen exteriormente os bens patrimoniais mobles existentes e se elaboren folletos informativos respecto a eles, así como que se establezan sistemas de acceso a estas a través de asociacións culturais, de veciños, etc., para o que deben facilitar un teléfono de contacto.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Igrexa católica e outras confesións relixiosas, concellos, etc.

Liña 3. *Accións de sensibilización*

Ademais de garantir o acceso, as estratexias para o patrimonio moble deben servir para sensibilizar a cidadanía respecto ao gran valor identitario, cultural, social e económico que os bens patrimoniais mobles posúen para a Comunidade. Por iso, xunto con outras medidas xa sinaladas para o acceso ao patrimonio (visitas, xornadas de portas abertas), recoméndase:

17. Levar adiante campañas de sensibilización cara ás concellarías de Cultura e as parroquias sobre os valores sinalados e o dereito ao acceso ao patrimonio garantido polas leis.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Consello da Cultura Galega, Federación Galega de Municipios e Provincias, Igrexa católica e outras confesións relixiosas.

18. As institucións patrimoniais deben ser máis proactivas na organización de exposicións dos bens patrimoniais que custodian. Recoméndase a elaboración dun calendario de exposicións entre as distintas institucións de cada cidade co obxecto de que o valor do patrimonio moble estea presente ao longo do ano na vida da cidadanía. Na medida do posible, estas exposicións deberían ter un carácter itinerante para o acceso ao patrimonio galego nas distintas vilas de Galicia, garantindo sempre as condicións de seguridade e medioambientais en canto a transporte, embalaxe, manipulación e exhibición dos bens culturais.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Biblioteca, Arquivo e Museo de Galicia, responsables de arquivos, bibliotecas e museos.

19. Na medida do posible, tales exposicións e os seus catálogos deberían ter unha réplica dixital permanente que asegure a difusión máis ampla dos seus contidos patrimoniais.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Biblioteca, Arquivo e Museo de Galicia, responsables de arquivos, bibliotecas e museos.

20. As institucións patrimoniais deben contar con departamentos de educación e acción cultural que permitan desenvolver novas liñas para o coñecemento e valoración axeitada do patrimonio.

Responsables do desenvolvemento desta medida: responsables de arquivos, bibliotecas e museos.

21. Desenvolver unha normativa que garanta que a conservación e seguridade das pezas incluídas nas exposicións se realiza nas mellores condicións posibles, e que contemple os distintos permisos precisos para os fondos, en función da súa titularidade (estatal, autonómica, privada).

Responsables do desenvolvemento desta medida: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

22. As institucións patrimoniais deben establecer liñas de colaboración coas asociacións do patrimonio, culturais e profesionais do seu contexto para desenvolver accións que contribúan a informar e formar a cidadanía sobre a importancia dos bens patrimoniais, así como á recuperación do patrimonio, incluíndo o patrimonio cultural familiar.

Responsables do desenvolvemento desta medida: responsables de arquivos, bibliotecas e museos, asociacións do patrimonio, culturais e profesionais.

23. A educación no ensino básico e medio é unha ferramenta esencial para o coñecemento dos bens culturais, o seu significado e importancia. Tal formación debe posuír un carácter transversal nas distintas materias que configuran o currículo escolar.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

24. Co obxecto de potenciar aínda máis o valor patrimonial nos ciclos do ensino, recoméndase a realización dunha Semana do Patrimonio, ao longo do curso, que desenvolva actividades arredor dos diferentes tipos de bens culturais.

Responsables do desenvolvemento desta medida: centros de ensino básico e medio.

25. Potenciar mediante medidas de estímulo (premios, etc.) que os centros de ensino creen materiais educativos como apoio ou resultado das súas actividades arredor do patrimonio.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

26. Os materiais educativos creados a partir das actividades desenvoltas arredor do patrimonio polos centros de ensino deberían estar libremente dispoñibles na rede para un máis amplo uso destes.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

27. A elaboración de materiais educativos a partir da dixitalización de bens patrimoniais, exposicións, etc. dispoñibles libremente na rede debe figurar entre os obxectivos prioritarios das institucións patrimoniais galegas.

Responsables do desenvolvemento desta medida: responsables de arquivos, bibliotecas e museos.

28. Deben recuperarse e aumentarse os contidos que existían no *Portal de Patrimonio* da Xunta de Galicia referentes a actividades informativas,

divulgativas e educativas —dándolle maior atención da que tiña ao patrimonio moble—, organizándoas por ciclos formativos e publicitando o seu valor para o desenvolvemento de actividades na escola.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

29. Deben recuperarse e facelos accesibles na rede os materiais videográficos elaborados e feitos públicos en distintas exposicións realizadas nos últimos anos na Comunidade.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Biblioteca, Arquivo e Museo de Galicia.

30. Con vistas á valorización patrimonial, as institucións patrimoniais deben asegurar as posibilidades que o patrimonio moble posúe como axente de desenvolvemento social e económico con todas aquelas medidas que crean riqueza na Comunidade: actividades para o turismo cultural, emprego de software de código aberto na elaboración de instrumentos de control, inventario, catalogación e dixitalización, compras a librarías e empresas galegas de hardware e software, etc.

Responsables do desenvolvemento desta medida: responsables de bibliotecas, arquivos e museos.

31. As institucións patrimoniais deben alentar unha maior presenza do patrimonio nos seus portais, páxinas web, redes sociais, etc. mediante a creación de contidos propios e mediante enlaces.

Responsables do desenvolvemento desta medida: responsables de bibliotecas, arquivos e museos.

Liña 4. *Profesionalización da xestión do patrimonio*

Moitos dos problemas que a nosa Comunidade ten hoxe en relación ao patrimonio moble (conservación, seguridade, ausencia de inventarios e catalogación, carencia de plans de xestión de emerxencias, debilidade de actividades ao seu arredor, etc.) derivan da escasa presenza de profesionais na xestión dos bens. As accións para facer fronte a esta debilidade teñen un dobre campo de actuación: a formación, e a dotación dos organismos e institucións patrimoniais de persoal profesional e ben formado. Para isto recoméndase:

32. Asegurar que as titulacións universitarias relacionadas co ámbito patrimonial contemplen de forma axeitada o coñecemento e xestión do patrimonio moble, tanto a través de materias específicas relacionadas cos distintos tipos de bens patrimoniais, como a través de contidos transversais.

Responsables do desenvolvemento desta medida: universidades.

33. Diseñar sistemas de prácticas para as titulacións universitarias relacionadas co ámbito patrimonial que permitan a formación dos estudantes sen perturbar o desenvolvemento das actividades propias das institucións patrimoniais.

Responsables do desenvolvemento desta medida: universidades, institucións patrimoniais.

34. Asegurar a formación permanente sobre patrimonio moble do persoal profesional das institucións patrimoniais.

Responsables do desenvolvemento desta medida: responsables de arquivos, bibliotecas e museos, universidades, concellos, Consello da Cultura Galega, Xunta de Galicia, asociacións profesionais.

35. Facilitar formación ao persoal auxiliar, incluído o persoal de seguridade, e proporcionarlle as normas que correspondan ás súas funcións.

Responsables do desenvolvemento desta medida: responsables de arquivos, bibliotecas e museos.

36. Integrar nos sistemas de selección do persoal das institucións patrimoniais a formación sobre patrimonio moble.

Responsables do desenvolvemento desta medida: administracións públicas, organizacións con coleccións patrimoniais, responsables de arquivos, bibliotecas e museos.

37. Promover a publicación e difusión entre os profesionais do novo coñecemento científico e técnico sobre a xestión do patrimonio moble, especialmente o referido á conservación, seguridade e acceso aos bens.

Responsables do desenvolvemento desta medida: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, universidades.

38. Promover un mellor coñecemento da situación das institucións con patrimonio moble de Galicia e dos seus públicos.

Responsable do desenvolvemento desta medida: Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega.